PROCESO PARA UNIRSE Á REDE DE ESTABLECEMENTOS VERDES

Pode solicitar a adhesión a esta Rede calquera persoa física ou xurídica titular dun establecemento comercial situado no termo municipal de Cambre.

1. Cumprimentar e asinar o impreso de **solicitude** de adhesión á Rede de Establecementos Verdes (ANEXO I)

2. Cumprimentar e asinar a **Declaración Responsable** (ANEXO II)

3. Cumprimentar o **cuestionario** (ANEXO III)

4. Enviar estos documentos cumprimentados ao correo **medioambiente@cambre.org**

5. Unha vez que no Concello comprobemos que esta documentación está correctamente cunprimentada, **xa formaras parte da Rede de Establecementos Verdes!**

CAMBRE
Concellería de Medio Ambiente e Mobilidade

Cambre en verde

ANEXO I: SOLICITUDE DE ADHESIÓN A REDE

DATOS DA EMPRESA SOLICITANTE

Nome da empresa :.....

CIF da empresa :.....

Sector empresarial :.....

Domicilio social:.....

DATOS DA PERSONA QUE REALIZA A SOLICITUDE EN NOME DA EMPRESA :

Nome e apelidos :.....

Teléfono de contacto :.....

Correo electrónico :.....

Sinatura da persoa solicitante:

CAMBRE
Concellería de Medio Ambiente e Mobilidade

Cambre en verde

ANEXO II: DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dna. .....
con DNI/NIE n.º..... en calidade de representante legal da empresa.....

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE QUE,

1º Ostenta a representación legal da empresa en nome da cal realiza a solicitude de adhesión a Rede.

2º A partir da adhesión a Rede , a empresa comprométese a avanzar na implantación das boas prácticas ambientais no desenvolvemento da súa actividade, adquirindo novos hábitos e accións que reduzan o seu impacto no medio ambiente e mantendo e mellorando os xa adquiridos.

Sinatura:

En .....a data.....

CAMBRE
Concellería de Medio Ambiente e Mobilidade

Cambre en verde

ANEXO III: FORMULARIO (PARTE 1)

MARCA CUN X AS MEDIDAS QUE ESTEADES A APLICAR ACTUALMENTE NO VOSO NEGOCIO.

Este formulario permitiranos coñecer o nivel de implantación das boas prácticas que existe actualmente no voso negocio. Tamén nos servirá a posteriori para medir os avances que vaiades facendo neste ámbito.

RESIDUOS: REDUCIÓN, REUTILIZACIÓN E RECICLAXE

- ☐ Realizades separación selectiva dos residuos (orgánico, inorgánico, vidro e papel)
- ☐ Tedes a disposición dos clientes contedores específicos para reciclar.
- ☐ Depositades os residuos orgánicos nos seus contedores específicos no horario establecido en bolsas de plástico non facilmente desgarrables, perfectamente pechadas e posteriormente pechades a tapa do contedor.
- ☐ Priorizades as compras a granel frente os productos envasados con obxecto de reducir os residuos xerados.
- ☐ Reutilizades algún dos residuos que xerades no desenvolvemento da vosa actividade, dándolles así unha segunda vida. Por exemplo utilizando botellas de cristal baleiras como floreiros ou obxectos de decoración.
- ☐ En caso de que contedes con impresora, esta está configurada en modo aforro de tinta.
- ☐ Á hora de facer publicidade ou comunicacións os clientes, dades prioridade aos medios dixitais (redes sociais, correo electrónico, códigos QR,...) fronte os medios físicos (folletos, dípticos, cartas,...)
- ☐ Adoitades usar os folios polas dúas caras.
- ☐ Empregades papel reciclado.

EFICIENCIA NO USO DA AUGA

- ☐ Contades con dispositivos de aforro de auga nas billas, tales como os aireadores ou os redutores de caudal.
- ☐ Nos baños, tedes billas con temporizador ou con sensores de infravermellos.
- ☐ Contades con dispositivos de aforro de auga nos inodoros. Tales como cisternas con dobre pulsador ou limitadores de enchido ou dispoñedes de papeleiras no baño para evitar que se tiren os residuos polo inodoro.
- ☐ A chave de paso está lixeiramente pechada para aforrar auga.
- ☐ Reparades as avarías nas instalacións e evítanse as fugas.

COMPRAS RESPONSABLES

- ☐ Usades ou ofrecedes produtos ecolóxicos ou productos respetuosos co medio ambiente, aínda que non leven o selo de ser ecolóxicos.
- ☐ Usades ou ofrecedes produtos reutilizados (embalaxes, caixas, botellas mobiliario, decoración...).
- ☐ Usades ou ofrecedes productos de proximidade.
- ☐ Ofrecedes a clientela bolsas biodegradables, reutilizables ou de papel.
- ☐ Cando comprades tratades de priorizar os productos que veñen en envases con menor impacto ambiental, tales como vidro ou papel, sobre os que veñen en envase plástico.

ANEXO III: FORMULARIO (PARTE 2)

PROVEDORES RESPONSABLES

- ☐ Contratades provedores locais.
- ☐ Contratades provedores que utilizan embalaxes/envases retornables ou que admitan a devolución.
- ☐ Contratades empresas que utilizan productos biodegradables ou respetuosos co medio ambiente, como por exemplo: empresas de limpeza que utilizan produtos biodegradables e/ou medios de limpeza para aforrar auga.

EFICIENCIA ENERXÉTICA

- ☐ Contades con electrodomésticos eficientes (contémplanse os de clase A e B)
- ☐ Limpades os conxeladores e neveiras regularmente para evitar a escarcha (a cal dificulta o arrefriado do interior frigorífico, provocando un malgasto de ata un 30% de enerxía)
- ☐ Contades con luminarias de baixo consumo.
- ☐ Dispoñedes de dispositivos de aforro enerxético en zonas de paso e de pouco tránsito. Tales como sensores de acceso por movimento ou temporizadores de apagado automático.
- ☐ Os ordenadores están configurados en modo aforro de enerxía (entra en estado de suspensión e/ou se apaga o monitor automáticamente).
- ☐ As impresoras están configuradas en modo aforro de enerxía.
- ☐ A enerxía consumida provén empresas eléctricas que fornecen enerxía de fontes 100% renovables.
- ☐ Contades con medidas de illamento enerxético: cortinas de aire, xanelas ou portas de dobre acristalamento...
- ☐ Os filtros de equipos de aire acondicionado límpanse con frecuencia.
- ☐ Os equipos de climatización revísanse anualmente para asegurar un bo funcionamento.
- ☐ Non se obstaculiza a saída de aire de radiadores e aires acondicionados, evitando así perda de calor.
- ☐ Regúlase a temperatura a niveis óptimos: 21º graos no inverno (21º-23º) e 25º no verán (23º-25º).
- ☐ Contades con equipos de climatización eficientes.

COMUNICACIÓN AMBIENTAL

- ☐ Fomentades entre a clientela a adopción de hábitos sostibles: a través de carteis, da web corportativa ou directamente falando con eles
- ☐ Existe implicación por parte dos traballadores en materia ambiental e/ou dispoñen dalgún tipo de información/normas/carteis para a posta en práctica das boas prácticas ambientais no traballo do día a día.

VERTEDURAS

- ☐ Utilizades produtos biodegradables/ecolóxicos/naturais. Por exemplo en produtos de limpeza ou de mantemento (como pinturas).
- ☐ Conservades e mantedes en perfecto estado as instalacións interiores de saneamento e abastecemento.

XESTIÓN AMBIENTAL

- ☐ A empresa conta cun sistema de xestión ambiental. (Pode ser algo non oficial, ter certas normas por escrito que sigan os empregados).